

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

RESOLUCIÓN do 14 de maio de 2025, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por esta consellería durante o primeiro cuadrimestre do ano 2025.

O artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (*Diario Oficial de Galicia* número 30, do 15 de febreiro), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia e para dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo 1

Dar publicidade da relación de convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático durante o primeiro cuadrimestre do ano 2025, que se incorpora como anexo I desta resolución.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

María del Carmen Bouso Montero
Secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente
e Cambio Climático

ANEXO I

Convenios asinados no primeiro cuadrimestre do ano 2025

Título	Obxecto	Data da sinatura	Achega económica da consellería (€)
Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a asociación Coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños-Cemma, para a asistencia, recuperación e estudo dos réptiles (tartarugas) e mamíferos mariños varados no litoral da Comunidade Autónoma de Galicia	Establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Asociación CEMMA para asistencia veterinaria e recuperación dos réptiles, en especial das tartarugas mariñas, e mamíferos mariños varados nos espazos naturais protexidos pertencentes á Rede Natura 2000 de Galicia, así como para a recompilación da información resultante dos varamentos rexistrados nas costas galegas	17 de xaneiro de 2025	15.000,00 €

CVE-DOG: mutyvoq2-xkg4-ifc3-m459-avt0e4hgeqo7



Título	Obxecto	Data da sinatura	Achega económica da consellería (€)
Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Granda Abilleira e Salgueiros, para a conservación da poboación reproductora do mazarico real en Galicia	Establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do uso da superficie de 9,3 ha da parcela con referencia catastral 27010A204000460000PZ e os labores de mantemento que se van realizar nela, que estarán encamiñados á conservación e mantemento dunha axeitada calidade estrutural do hábitat de nidificación (landa e matogueira de baixo porte < 30 cm con ausencia de estrato arbóreo) da poboación nidificante de mazarico real	5 de febreiro de 2025	5.000,00 €
Convenio de colaboración entre a Administración xeral da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC) para o desenvolvemento da campaña Bandeira azul 2025 en Galicia	O desenvolvemento da campaña Bandeira azul 2025 en Galicia	11 de marzo de 2025	57.500,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para a realización de actuacións na Rede galega de reservas de biosfera en 2025	Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o CEIDA para realizar actuacións de dinamización, sensibilización, divulgación, formativas e de comunicación, así como de educación ambiental e de asesoramento e documentación da Rede galega de reservas da biosfera, que se detallan no anexo deste convenio	20 de marzo de 2025	90.000,00 €

